

7.-Clasificación.

Grupo A, subgrupo 1, categoría a).

Grupo C, subgrupos 4, 6 y 8, categoría a).

Grupo I, subgrupo 9, categoría a).

Grupo J, subgrupo 4, categoría a).

8.-Presentación de proposiciones.

a) Plazo: trece días naturales contados a partir del siguiente al de la publicación de este anuncio en el Diario Oficial de Galicia, finalizando a las 13.00 horas. En caso de resultar sábado el día de finalización del plazo, quedará éste automáticamente prorrogado al día hábil siguiente. b) Documentación a presentar: véase pliego de cláusulas administrativas particulares. c) Lugar de presentación: Registro General de Entrada.

9.-Apertura de proposiciones económicas y documentación técnica:

a) Lugar: véase punto 6.

b) Fecha: quinto día hábil siguiente al del transcurso del plazo de licitación.

c) Hora: 12.00 horas.

10.-Otras informaciones:

El pliego de cláusulas administrativas particulares se expone al público para que puedan presentarse reclamaciones por plazo de ocho días contados a partir del siguiente al de este anuncio.

11.-Gastos de anuncios.

A cargo del adjudicatario.

A Coruña, 27 de noviembre de 2003.

El alcalde, Francisco José Vázquez Vázquez.

12822-0

Contratación-Obras**ANUNCIO**

Anuncio de concurso referencia O-43/2003

1.-Entidad adjudicadora.

Excelentísimo Ayuntamiento de A Coruña. a) Dependencia: Sección de Contratación. b) Número de expediente: O-43/2003.

2.-Objeto del contrato.

Ejecución de las obras comprendidas en el proyecto de urbanización de las calles del entorno del antiguo Cuartel de Macanaz (Museo Luis Seoane). Plazo de ejecución: un mes.

3.-Tramitación.

Ordinaria. Procedimiento: abierto. Forma de adjudicación: concurso.

4.-Presupuesto base de licitación.

385.300 euros (IVA incluido).

5.-Garantía provisional.

No se exige.

6.-Obtención de documentación e información.

a) Entidad: véase punto 1. b) Domicilio: Plaza de María Pita, 1-2.º c) Localidad: 15001-A Coruña. d) Teléfono: (981) 18.42.19. e) Fax: (981) 18.42.71. f) Correo electrónico: contratacion@2ytolacoruna.es g) Fecha límite de obtención de documentos e información: hasta el día de finalización del plazo de presentación de proposiciones.

7.-Clasificación.

Grupo G, subgrupo 6, categoría f).

8.-Presentación de proposiciones.

a) Plazo: veintiséis días naturales contados a partir del siguiente al de la publicación de este anuncio en el Diario Oficial de Galicia, finalizando a las 13.00 horas. En caso de resultar sábado el día de finalización del plazo, quedará éste automáticamente prorrogado al día hábil siguiente. b) Documentación a presentar: véase pliego de cláusulas administrativas particulares. c) Lugar de presentación: Registro General de Entrada.

9.-Apertura de proposiciones económicas y documentación técnica.

a) Lugar: véase punto 6. b) Fecha: quinto día hábil siguiente al del transcurso del plazo de licitación. c) Hora: 12.00 horas.

10.-Otras informaciones:

El pliego de cláusulas administrativas particulares se expone al público para que puedan presentarse reclamaciones por plazo de ocho días contados a partir del siguiente al de este anuncio.

11.-Gastos de anuncios.

A cargo del adjudicatario.

A Coruña, 27 de noviembre de 2003.

El alcalde, Francisco José Vázquez Vázquez.

12824-0

▼

CULLEREDO

EDICTO

Texto íntegro das normas técnicas sobre materiais e execución de redes de abastecemento de auga potable do concello de Culleredo

En data do 29 de xullo de 2003 o Pleno da Corporación aprobou inicialmente as "Normas técnicas sobre materiais e execución de redes de abastecemento de auga potable do concello de Culleredo".

En cumprimento do que dispón o artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, con data do 13 de outubro de 2003 abriuse un período de información pública para consulta e presentación das alegacións e suxerencias que se estimasen pertinentes.

Tras cumprirse o prazo de información pública, o acordo ten carácter de definitivo, e publícase o texto íntegro das devanditas normas no BOP para a súa entrada en vigor, segundo o que dispón o artigo 70 da Lei 7/85, do 2 de abril.

Culleredo, 20 de novembro de 2003.

O alcalde, Julio Sacristán de Diego.

NORMAS TÉCNICAS SOBRE MATERIAIS E EXECUCIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE DO CONCELLO DE CULLEREDO

Estas normas técnicas teñen como obxectivo as prescricións sobre materiais e execución de redes de abastecemento que veñan a unificar os criterios de proxecto e construción, que garantan a calidade do construído e que pola vía da homoxeneidade e normalización permitan a prestación do servizo, facilitando así, ademais, o traballo dos proxectistas, constructores, directores de obras, administradores e promotores.

A totalidade das redes construídas nos termos nos que o Concello dá o servizo suxeitaranse ós requisitos consignados neste texto regulamentario.

O Concello de Culleredo será o encargado de comprobar o cumprimento dos termos desta normativa.

ÍNDICE DA NORMATIVA

Capítulo I: Disposicións xerais.

- I.1: Obxectivo da normativa.
- I.2: Aplicación da normativa.
- I.3: Obrigatoriedade do informe.
- I.4: Incumprimento.
- I.5: Revisión e actualización da normativa.
- I.6: Aceptación de materiais e marcas.
- I.7: Conexións ás redes.
- I.8: Servizos afectados.

Capítulo II: Redes de abastecemento.

- II.1: Definición das conductiones.
- II.2: Tipoloxía das redes de distribución.
- II.3: Materiais e diámetro das redes.
- II.4: Definición da gabiá.
- II.5: Pezas a colocar nas redes.

Capítulo III: Elementos singulares da rede.

- III.1: Ventosas.
- III.2: Válvulas de corte.
 - III.2.1: Tipoloxía das válvulas.
 - III.2.2: Especificacións técnicas.
 - III.2.2.1: Válvula de bolboretá.
 - III.2.2.2: Válvula de comporta.
 - III.2.2.3: Válvula de esfera.
 - III.2.2.4: Bocas de rego.
 - III.2.2.5: Hidrantes.

Capítulo IV: Acometidas á rede.

- IV.1: Acometidas a vivendas particulares (estándar).
- IV.2: Acometidas especiais.
- IV.3: Acometidas para redes de incendios.
- IV.4: Acometidas mixtas (incendios + servizos).

Capítulo V: Contadores.

- V.1: Tipos de contadores.
- V.2: Elementos complementarios dos contadores.
- V.3: Lugar de colocación.

Capítulo VI: Rexistros de fundición.

Capítulo VII: Probas de presión.

- VII.1: Presión das probas.

Capítulo VIII: Recepción das obras.

- VIII.1: Limpeza e desinfección.
- VIII.2: Posta en servizo e recepción das obras.

Disposición derogatoria.

Disposición final.

Capítulo I: Disposicións xerais.

I.1.-Obxectivo da normativa.

Esta normativa ten por obxecto definir:

- Os materiais que compoñen as redes de abastecemento e que se encontran aceptados polo Concello.
- A execución dos diferentes tipos de acometidas ás redes de abastecemento.

Nesta non se inclúen os criterios de cálculo nin de Proxecto que deberán ser desenvolvidos polo proxectista e confirmados polo Concello.

I.2.-Aplicación da normativa.

Esta normativa é aplicable a:

- a) Todos os proxectos de Redes Locais ou de Urbanización (ou actuacións parecidas) que inclúan redes locais, que se teñan que executar en todo o termo municipal.
- b) Os proxectos elaborados e redactados polo Concello.

I.3.-Obrigatoriedade do informe.

O promotor, xa sexa público ou privado, deberá remitir o proxecto da obra ó Concello, previamente á solicitude de licenza de obra, de acordo co Regulamento de Servizos.

I.4.-Incumprimento.

O incumprimento do deber de solicitude de informe previo ó de presentación dos proxectos, así como a violación por estes ou durante a execución das obras do establecido nesta Normativa, dará lugar á negativa do Concello á recepción do conxunto da instalación e á non contratación do servizo de abastecemento e saneamento de auga, de acordo co Regulamento de Servizos.

I.5.-Revisión e actualización da normativa.

Esta Normativa poderá ser revisada e actualizada polo Concello, cando sexa necesario introducir na mesma modificacións nos materiais, calidades e disposicións técnicas de calquera dos elementos que forman parte integrante das redes afectadas ó Concello.

I.6.-Aceptación de materiais e marcas.

O Concello, despois de someter os materiais ás correspondentes probas, ensaios e aprobación do proceso de fabricación e subministración, fixará cales deles son aceptados para a súa instalación nas Redes de Abastecemento a executar no ámbito de calidade que esta Normativa esixe.

I.7.-Conexións ás redes.

O Concello, no informe preceptivo previo á solicitude da licenza ou aprobación do proxecto, sinalará en cada caso os entubados de Redes Xerais ós que deberán conectarse as redes proxectadas, así como as condicións de subministración ó en función das necesidades previstas e das características da rede xeral outorgando a correspondente autorización.

I.8.-Servizos afectados.

En proxectos de urbanización, viais, edificios, etc, nos que se vexan afectadas conductiones de auga ou saneamento existentes, será responsabilidade do promotor a restitución ó seu cargo destes servizos. A restitución destes servizos farase cos criterios e materiais previstos na Normativa do Concello e se garantirá en todo momento a funcionalidade do servizo restituído e as condicións análogas de funcionamento respecto do seu estado orixinal.

Capítulo II: Redes de abastecemento.

II.1.-Definición das conductiones.

No sistema de Redes de Abastecemento do Concello defínense tres tipos de conductiones:

a) Conduccións Xerais de Abastecemento en Alta: Aquelas que parten da Planta Potabilizadora de "EMALCSA" e subministran auga potable á rede de distribución do Concello .

b) Arterias de Abastecemento (Redes Xerais): Aquelas que collen a auga da rede en alta e a transportan ata os diversos sectores dos núcleos urbanos.

c) Entubados de Distribución: Aqueles que configuran as redes que conducen a auga ata os ramais de acometida.

Non se permite a execución de acometidas nas Conduccións Xerais de Abastecemento en Alta.

II.2.-Tipoloxía das redes de distribución.

As Redes de Distribución serán de tipo mallada, sempre que sexa posible, coa finalidade de garantir un mellor servizo e unha mellor distribución de presións e caudais da rede, evitando finais de entubados nos que se produzan sedimentacións.

Tanto as redes como os ramais proxectaranse segundo o trazado viario ou espazos públicos non edificables de acceso libre permanente, sendo os tramos o máis rectos posibles.

II.3.-Materiais e diámetro das redes.

a) Entubados de fundición dúctil.

Serán do tipo K-9, con xunta automática flexible, e o seu diámetro mínimo será de 80 mm.

b) Entubados de polietileno.

Especificacións:

Serán de baixa densidade, para uso alimentario, un mínimo de 10 atm de presión de traballo, diámetro máximo ata 90 mm (para diámetros superiores será obrigatorio instalar entubado de fundición) e fabricada segundo a norma UNE 53.131.

II.4.-Definición da gabia.

A separación entre os entubados das redes de Abastecemento e os restantes servizos será como mínimo:

- 0,5 m en proxección horizontal (as partes máis próximas).
- 0.20 m en cruces (as partes máis próximas)

Aquelas pezas especiais nunha conducción na que se produza un cambio no sentido da velocidade do fluído deberán estar convenientemente fixadas mediante dados de formigón. É o caso de "codos", derivacións en T, bocas de rego, hidrantes, e tapóns de extremo de entubado.

Ó fondo da gabia, nivelado, limpo de corpos estraños e compactado, dispónse unha cama de area sen pedras, de 15 cm ou menos. Colócase o entubado e cúbrese con area ata unha altura mínima de 15-20 cm (no caso de entubados de PE) por riba da súa xeratriz superior. En todos os casos, a anchura da gabia será de D+40 cm (sendo D o diámetro da conducción). Despois encherase e compactarase o resto da gabia.

II.5.-Pezas a colocar nas redes.

A continuación defínense todos os elementos que colocados en tramos de entubado da rede, permitan dar continuidade á mesma, cambios de dirección ou de sección, derivacións e empalmes con outros elementos.

Nas redes:

Para $\varnothing \geq 80$ mm: Pezas de fundición dúctil. Os parafusos, ozcas e arandelas serán de aceiro inoxidable AISI 304

Para $\varnothing < 80$ mm: Pezas de fundición dúctil e latón-bronce. Os parafusos, ozcas e arandelas serán de aceiro inoxidable AISI 304

Nas acometidas:

Para $\varnothing \leq 2"$: Pezas de latón - bronce.

Para $\varnothing > 2"$: Pezas de fundición dúctil e latón-bronce.

Capítulo III: Elementos singulares da rede.

Defínense como Elementos Singulares da Rede, aqueles elementos que contribúen á mellor funcionalidade das redes, como son: ventosas, desaugadoiros, válvulas de corte e reductoras de presión, e aqueles outros elementos necesarios para garantir unha eficaz protección contra lumes das zonas urbanas abastecidas pola rede, como son: bocas de rego e hidrantes.

III.1.-Ventosas.

A súa función será a de facilitar tanto a saída como a entrada de aire ás redes ou encher ou vaciar as conduccións. Só se colocarán nos casos debidamente xustificadas, segundo os perfís lonxitudinais, xa que se procurará que a purga do aire da rede sexa a través das acometidas.

O seu dimensionado realizarase en función das características da conducción proxectada, topografía do terreo e modelo e marca das ventosas elixidas.

As ventosas serán trifuncionais.

Especificacións:

- Corpo: Fundición nodular, con base á brida.
- Flotadores: Esféricos con alma de aceiro e revestidos de elastómero.
- Válvula de aislamiento: Con obturador de elastómero.
- Tapa: Fundición nodular, con dous orificios na parte superior.
- Brida: PN-16, DIN 2533
- Parafusos: Bricomatados.
- Revestimento: Interior e exterior, por esmaltado epoxi (procedemento electrostático).

III.2.-Válvulas de corte.

A función destas válvulas é a de cortar o paso da auga ós entubados da rede para:

- Deixar fóra de servizo un tramo da conducción.
- Deixar fóra de servizo un sector da rede.
- Deixar fóra de servizo unha acometida.
- Aillar un elemento concreto da rede.
- Desaugadoiros e limpeza.

III.2.1.-Tipoloxía das válvulas.

- En entubados da rede:

$\varnothing > 300$ mm. Válvulas de bolboreta.

$\varnothing \leq 300$ mm. Válvulas de comporta.

- En entubados de acometidas:

$\varnothing \geq 2"$. Válvulas de comporta.

$\varnothing \leq 2"$. Válvulas de esfera de latón-bronce.

III.2.2.-Especificacións técnicas.

As válvulas son fabricadas por unha fábrica con sistema de garantía de calidade, certificada segundo a norma ISO 9001/EN 29001, e ten unha garantía contra defectos de fabricación por un período de 15 anos.

III.2.2.1.-Válvula de bolboreta.

Especificacións:

- Corpo: Fundición dúctil GGG-40, segundo DIN 1693.
- Revestimento: Resina epoxi aplicada exteriormente.
- Xunta: PEDM vulcanizada ó corpo.
- Disco: Aceiro inoxidable AISI 431 ou fundición dúctil GGG-40 segundo DIN 1693.

- Eixe superior e inferior, pasador cónico: De aceiro inoxidable AISI 431.

- Colariño do eixe superior e inferior: Aceiro revestido con PTFE
- Presión de traballo: 16 atmósferas (PN-16).

- Mecanismo desmultiplicador: Desmultiplicador de coroa sen fin, con índice visual e volante.-Os parafusos, ozcas e arandelas serán de aceiro inoxidable AISI 304

Os modelos e marcas recoñecidas polo Concello de Culleredo son:

- AVK válvulas S.A., EURO 20 de SAINT-GOBAIN ou similar.

III.2.2.2.-Válvula de comporta.

Especificacións:

Válvulas de comporta de asento elástico, unión por bridas, paso total e liso, coa súa data de fabricación indicada de forma imborrable.

- Corpo e tapa: Fundición dúctil GGG-50, segundo DIN 1693.
- Revestimento: Resina epoxi aplicada interior e exteriormente.

- Comporta: Fundición dúctil GGG-50 completamente vulcanizada con caucho EPDM e cunha ozca integral fixa de latón, CZ 132 segundo BS 2874.

- Empaquetado: Consiste en tres sistemas de peche independente e en ningún pode existir contacto directo entre o eixe e a fundición, nin as dúas xuntas tóricas, que sofren a rozadura, poden estar en contacto directo coa fundición.

- Eixe: De aceiro inoxidable X Cr13 coa rosca laminada en frío e ten un anel de retención de comporta.

- Presión de traballo: 16 atmósferas (PN-16)
- Parafusos: Aceiro inoxidable A2, con forma de abelá e selados con silicona

- Xunta perfil: EPDM

Os modelos e marcas recoñecidos polo Concello de Culleredo son:

- AVK Válvulas S.A., EURO 20 de SAINT GOBAIN ou similar.

III.2.2.3.-Válvula de esfera.

Especificacións:

Válvula de esfera paso total con cadradiño de latón-bronce.

- Corpo e esfera: Latón estampado en quente.
- Eixe e virola: Latón estampado en quente.
- Espiga: Latón estampado en quente.
- Xuntas: P.T.F.F. puro.
- Anel: Latón estampado en quente.
- Xunta tórica: Caucho-nitrilo.

Os modelos e marcas recoñecidos polo Concello de Culleredo son:

- GREINER de PLATECSA ou similar.

III.2.2.4.-Bocas de rego.

Trátase dun elemento que serve para a limpeza dos viais e rego e tamén como medida de protección contra o lume.

Especificacións:

- Arqueta, corpo e cabeza: GG-25
- Tapa: GGG-50
- Peche prensa estopa: E.P.D.M.
- Peche tapa: Bronce e resorte A⁰1°.
- Bridas: PN-16

O diámetro de entrada será de 40 mm, embridado e o racor de saída, de aluminio, de 45 mm, tipo Barcelona. Irá colocada no interior dunha arqueta metálica de fundición coa tapa, anelada co pavimento mediante dado de formigón H-175 e resistente ó paso de vehículos pesados.

Os elementos que compoñen a súa conexión á rede son os seguintes:

- Perforación rotativa do entubado da rede.
- Colariño: será de fundición dúctil GGG 42. A xunta tórica será de E.P.D.M. segundo a norma UNE-53571/89. Os parafusos, ozcas e arandelas serán de aceiro inoxidable AISI 304.
- Válvula de esfera de latón-bronce.
- Enlace rosca macho de latón.
- Entubado PE bd Ø 50 mm, PN-10.
- Enlace acodado 45° rosca macho de latón.
- Brida roscada, PN-16.

Os modelos e marcas recoñecidos polo Concello de Culleredo son:

- BV-05-63 de BELGICAST ou similar.

III.2.2.5.-Hidrantes.

Trátase de elementos instalados na rede de utilización exclusiva polos camiões de bombeiros. Ubicaranse na planta na cuadrícula aproximada de 200 de costado, segundo a NBE-CPI-96.

Serán do modelo columna seca de impacto, conectándose á rede mediante unha derivación de diámetro 100 mm. O entubado da rede da que se derivará o hidrante terá como mínimo un diámetro de 100 mm.

Os elementos que compoñen a súa conexión á rede son os seguintes:

- T de fundición dúctil embridada, saída DN 100.
- Válvula de comporta de asento elástico (segundo o disposto no punto III.2.2.2).
- Brida de dobre cámara autoblocante para entubados de fundición dúctil, GGG-50, PN 16.
- Entubado de fundición dúctil DN 100.
- Brida de dobre cámara autoblocante para entubados de fundición dúctil, GGG-50, PN 16.
- Os parafusos, ozcas e arandelas serán de aceiro inoxidable AISI 304.

O hidrante disporá dun sistema antixeo (carcasa protectora de aluminio revestido de poliéster).

Os modelos e marcas recoñecidos polo Concello de Culleredo son:

- HERMES de SAINT GOBAIN ou similar.

Este Concello podería admitir a colocación de hidrantes do modelo Baixo Rasante, en arqueta, sempre que as condicións de conexión sexan as mesmas que no modelo de columna e que se cumpran as seguintes especificacións:

- O hidrante disporá de dúas saídas con válvulas de peche elástico, con racores de aluminio de 70 mm, tipo Barcelona e sistema antixeo.
- Corpo e acoplamento GGG-50.
- Peche: GGG-50+E.P.D.M.
- Estopa, xunta: E.P.D.M.
- Válvulas femia : 21/2" (bronce), RG-5.
- Racor Barcelona 70 mm: Aluminio forxado UNE-23400.
- Bridas: PN-16, DIN 2533.

Os modelos e marcas recoñecidos polo Concello de Culleredo son:

- BV-05-100 de BELGICAST ou similar.

Capítulo IV: Acometidas á rede.

IV.1.-Acometidas a vivendas particulares (estándar).

Son do tipo de acometidas que máis se colocan na rede de abastecemento. Normalizáronse de 3/4" o 1", previndo o consumo dunha vivenda unifamiliar, con contador de 13 mm.

Tamén colocaranse deste tipo naqueles locais comerciais que non soliciten unha acometida superior.

A acometida constará fundamentalmente de:

- Perforación rotativa da conducción xeral.
- Colariño: Será de fundición dúctil GGG 42. A xunta tórica será de E.P.D.M. segundo norma UNE-53571/89. Os parafusos, ozcas e arandelas serán de aceiro inoxidable AISI 304.
- Válvula de corte de latón-bronce, DN 32, macho-femia, con rexistro boca-chave.
- Enlace rosca macho de latón, DN 32.
- Entubado PE bd Ø 32 mm, PN-10.
- Racor femia de latón, DN 32.
- Válvula de entrada a contador (provista de antiretorno).
- Contador, de 13 mm (homologado e verificado, de auga fría, clase B ou C).
- T de purga.
- Válvula de saída a contador.
- Conexión á rede interior da finca.

Tanto o contador como as chaves anterior e posterior, irán colocadas na fachada da vivenda ou no muro de pechamento da parcela, nun armario, pechado ó exterior mediante marco e tapa con chave, homologada, de dimensións mínimas 300x400 mm (peche "cadradiño"). A altura mínima entre o chan e a base do armario será de 70 cm.

O interior do armario presentará unha profundidade mínima de 15 cm.

IV.2.-Acometidas especiais.

Son acometidas de diámetro interior libre superior a 1". Deberán ser solicitadas ó Concello de Culleredo e aprobadas por este.

Acometidas 1" < Ø < 1 1/2".

A toma á rede para 1" < Ø < 1 1/2" realizarase utilizando colariño de toma e os demais elementos igual á acometida estándar, adaptando os seus diámetros. O armario do contador será de dimensións maiores e as válvulas de esfera serán de latón ou bronce.

Nas acometidas de 1 1/2" que sexa acometida conxunta para unha finca que teña a súa batería de contadores, esta quedará situada na fachada ou nunha habitación de fácil acceso e na planta baixa, de uso común ó inmovible, dotada de iluminación eléctrica, desaugadoiro directo ó saneamento e separada das outras dependencias destinadas ós contadores de gas e electricidade. Será de obrigado cumprimento a realización dun rexistro boca-chave ou unha arqueta de 35x35 cm libres, con marco e tapa de fundición dúctil de 40x40 cm, tipo hidráulica, realizada na beirarrúa e no seu interior colocaranse unha válvula de esfera de bronce ou latón de 1 1/2" que independizará a zona pública da privada.

Cometidas Ø ≥ 2".

Estas acometidas realizaránse mediante una T embridada, válvula de comporta de peche elástico, filtro en Y, contador WP e válvula de comporta de peche elástico ou válvula de retención.

Antes e despois do contador disporase dun tramo recto de entubado de lonxitude igual a cinco veces o diámetro do contador.

Todo isto colocaranse no interior dunha arqueta, situada na beirarrúa do exterior da finca.

IV.3.-Acometidas para redes de lumes.

Estas acometidas dimensionaranse de acordo coa NBE-CPI-96.

IV.4.-Acometidas mixtas (lumes + servicios).

No caso de acometidas mixtas realizarase unha única toma da rede xeral, da que se derivarán a acometida de lumes e a acometida para os servicios co seu contador que nalgúns casos situaranse no interior do edificio (baterías) e o resto na fachada do edificio ou no linde da parcela.

Os materiais e elementos a utilizar son os definidos nos apartados IV.1e IV.2

Capítulo V: Contadores.

V.1.-Tipos de contadores.

Nas redes de distribución en baixa e acometidas:

- Diámetro do contador ≤ 40 mm. Contador de Clase B ó C.

- Diámetro do contador ≥ 50 mm. Contador tipo Woltman, Helix WP.

V.2.-Elementos complementarios dos contadores.

Para eliminar as turbulencias que afectan á precisión da medida dos contadores de diámetro = 50 mm, producidas pola presenza nas inmediacións de obstáculos hidráulicos (válvulas, reducións, filtros, antireornos, etc.), deberán instalarse inmediatamente augas arriba e abaixo do contador nun tramo recto de lonxitude igual a cinco veces o diámetro do contador.

V.3.-Lugar de colocación.

Os contadores das acometidas colocaranse de acordo cos seus diámetros, da seguinte maneira:

- Diámetro do contador ≤ 40 mm.

Colocarase nun armario construído na fachada ou no linde da parcela, con marco e tapa de polipropileno.

- Diámetro do contador ≥ 50 mm.

Colocarase nunha arqueta enterrada no exterior da finca xunto á fachada ou ó linde da parcela. No interior da parcela disporase de todos os elementos necesarios para un bo funcionamento.

Capítulo VI.-Rexistros de fundición.

As válvulas de corte deixaranse enterradas, deixando un tubo de PVC e un rexistro boca-chave de fundición para poder manipularas.

No caso de ter que realizar unha arqueta na calzada para alonxar calquera tipo de equipamento, a tapa de rexistro da mesma estará fabricada en fundición dúctil, clase B-400, diámetro da tapa 60 mm. Bloqueo automático por apéndice elástico en fundición dúctil. Tapa con articulación e apertura de 130°.

Os modelos e marcas recoñecidos polo Concello de Culleredo son:

- "REXEL" de Saint Gobain ou similares.

Capítulo VII.-Probas de presión.

VI.1.-Presión das probas.

Os tramos nos que vaian realizarse as probas deberán estar con todos os seus elementos debidamente enclavados e con todos os tubos punteados deixando libres as xuntas, para localizar as posibles fugas.

Como orientación xeral, as Presión de Proba a aplicar, son:

Redes en Alta: 1,4 veces a Presión Estática.

Redes en Baixa 14.00 Kg/cm².

Non obstante, será o Concello de Culleredo quen determine en cada caso a presión á cal deberá probarse cada tramo.

Unha vez obtida mediante caldeirín, a presión de proba no tramo a probar, esperarase media hora e se o descenso da presión do tramo é inferior á raíz cadrada da quinta parte da presión da proba, darase como concluída a proba, con resultado favorable.

Non obstante, realizarase un exame visual de todas as xuntas e elementos do tramo de proba, durante a media hora, para confirmar a inexistencia de fugas. No caso de que se atope algunha fuga, será necesario reparala aínda que a Proba de Presión sexa favorable.

Capítulo VIII.-Recepción das obras.

VIII.1.-Limpeza e desinfección.

Unha vez rematadas as obras realizarase unha limpeza das redes para a eliminación dos elementos estraños que poidan quedar nas conduccións.

Esta limpeza realizarase por sectores, abrindo as válvulas de limpeza ou descargas, facendo circular un caudal de auga suficiente para arrastrar e eliminar os posibles elementos estraños que houbese no seu interior.

Unha vez limpas as conduccións realizarase, nos casos que sexa necesario, segundo o criterio do Concello de Culleredo, unha desinfección das conduccións mediante a introducción de cloro diluído con auga. Ó cabo de 24 horas a cantidade de cloro residual no punto máis alonxado da introducción deberá superar os 10 mg/l. De non ser así procederase a unha nova desinfección.

Unha vez efectuada a desinfección, abríranse as válvulas de limpeza e se fará circular de novo a auga ata que se obteña un valor de cloro residual de 0,5 a 1 mg/l.

VIII.2.-Posta en servizo e recepción das obras.

Rematadas as probas, limpeza e desinfección das novas conduccións, con resultado satisfactorio, pódese pasar a encher a rede, facilitando axeitadamente a saída do aire, ata conseguir a presión estática do servizo, quedando a rede en servizo.

Antes da aceptación da rede, o Concello de Culleredo, comprobará todos os elementos singulares (válvulas, bocas de rego, hidrantes, ventosas, arquetas, armarios na fachada, etc.) para verificar a súa correcta instalación, ademais de recibir por parte da Dirección de obra os planos das redes nos que estarán tamén reflexadas todas as modificacións realizadas respecto ó proxecto.

Unha vez completados todos os requirimentos mencionados, o Concello de Culleredo, poderá proceder á recepción das obras realizadas.

Disposición derogatoria.

Derróganse, quedando sen valor nin efecto algún, a partir da entrada en vigor das presentes Normas Técnicas, cantas prescricións estivesen establecidas e se opoñan á mesma.

Disposición final.

As presentes normas técnicas entrarán en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Diario Oficial correspondente, e co transcurso de prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, e continuará en vigor ata que o Concello as derogue expresamente.

12844-x



FERROL

EDICTO

Licencia

Solicitada, por "Promociones Bereijo Ferrol, SL", licencia de instalación e apertura para a actividade de garaxe na estrada de Castela (esquina rúa Pico Douro), Poeta Curros Enríquez e estrada do acceso Norte, que cumpre a normativa vixente, sométese a información pública polo período de 10 días hábiles, co fin de que poida examinarse o expediente no Negociado de Licencias deste Concello e formularse por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas, de conformidade co disposto no artigo 30 do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.

Ferrol, 5 de novembro de 2003.

O concelleiro-delegado de Urbanismo e Infraestructuras,

Francisco Manuel Pita-Romero Caamaño.

11957-2



LOUSAME

ANUNCIO

Aprobación definitiva taxa locais sociais

Transcorrido o período de exposición pública da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa dos locais sociais aprobada provisionalmente por acordo plenario do 3 de outubro de 2003, en virtude do establecido no artigo 17.3 da LRFL, considérase definitivamente aprobada e publícase o texto íntegro desta.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA DOS LOCAIS SOCIAIS

Artigo 1.-Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola utilización privativa dos locais sociais que se regulará pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.-Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa o uso e ocupación de locais sociais para a impartición de cursos de calquera clase que fosen autorizados polo Concello, previa solicitude por escrito.

Artigo 3.-Suxeitos pasivos.

Están obrigados ó pagamento as persoas xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que soliciten e fagan efectivo o uso dos locais sociais do Concello para a impartición de cursos.